

# Acordo marco para elaboración das guías GADU 2011-2012

(Aprobado na reunión da Comisión Permanente do 4 de xullo de 2011)

## Marco de partida

1. A Facultade de Economía e Empresa oferta actualmente tres titulacións de grao: grao en Economía, grao en Administración e Dirección de Empresas e grao en Ciencias Empresariais.
2. Nas propostas que se enviaron a verificar do grao en Economía, do grao en Administración e Dirección de Empresas e do grao en Ciencias Empresariais establécese unha limitación ao peso do exame como criterio de avaliación (mínimo 30% - máximo 70% da nota final).
3. Nas titulacións de grao da UDC existen dúas oportunidades de avaliación (febreiro - xullo ou xuño - xullo), mais a convocatoria é única.
4. No POD de cada materia figura un profesor responsable.
5. Normativa aplicable: [normativa de guías de la UDC](#), [Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións](#), [Estatuto do estudiantado](#) e o [Estatuto do estudante universitario](#).

## As guías das materias

6. A **elaboración das guías GADU é responsabilidade do profesor que figurase como responsable no POD da materia**. En todo caso, o Departamento debe ter aprobadas as guías GADU das materias das titulacións de grao antes do inicio do ano académico correspondente.
7. O **Departamento remitirá ao centro o acordo de consello de Departamento onde conste a aprobación das correspondentes guías**, que se corresponderán coas que figuren na aplicación de xestión das guías docentes da UDC (<https://campusvirtual.udc.es/guiadocente/>)
8. **Unha materia só pode ter unha guía docente**. Só existe un grao en ADE, por tanto a materia é a mesma independentemente de que forme parte se imparta en cursos e/ou cuatrimestres distintos dentro do programa de simultaneidade ADE - Dereito.
9. **Antes da súa aprobación polo Consello de Departamento** o profesor responsable da materia comunicaralle ao coordinador da titulación correspondente que xa está elaborada a guía da materia.
10. **O coordinador de titulación comprobará que non existen solapamentos** entre as distintas materias de cada titulación e que é coherente coa memoria aprobada do grao. De entender que existen reunirse cos profesores responsables das materias correspondentes coa finalidade de solucionar o problema.
11. **Prazos para a elaboración das guías.**
  - o O profesor responsable ate o 13 de xullo de 2011.
  - o O coordinador de titulación ate o 20 de xullo de 2011.
  - o O Departamento ate o 28 de xullo de 2011.

## **Avaliación**

12. **Cualificación de non presentado.** Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. Esta cuestión deberá facerse constar na guía GADU.

13. **Mínimos das partes da materia.** Se para aprobar a materia cómpre acadar unha puntuación mínima nalgunha das partes da avaliación, este aspecto farase explícito na guía docente.

14. **Condiciones de realización da avaliación final.** Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

15. **Avaliación da oportunidade de xullo.** Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuatrimestre.

16. **Se na guía docente se estableceron métodos de avaliación continua que non necesariamente deberían desenvolverse na aula.** Na guía da materia debe establecerse a data máxima que tería o alumno para aportar os correspondentes materiais para ser avaliados, no seu caso, na proba de xullo.